

soliciten a devolución mediante cheque cruzado do Banco de España, os ditos documentos, solicitudes ou manifestacións presentaranse no Rexistro telemático xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cal o declarante se deberá conectar á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico www.agenciatributaria.es, e seleccionar, dentro da oficina virtual, a opción de acceso ao rexistro telemático de documentos e, dentro desta, a referida aos modelos correspondentes aos cales se incorporará a documentación, e proceder a enviar os documentos,

5. Malia o anterior, os suxeitos pasivos ou as sociedades dominantes ou entidades cabeceiras de grupos que estean acollidos ao sistema de conta corrente en materia tributaria deberán ter en conta o procedemento establecido na Orde do 22 de decembro de 1999 pola que se establece o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións que xeren débedas ou créditos que se deban anotar na conta corrente en materia tributaria.

Artigo 8. *Prazo de presentación dos modelos 200, 201, 225 e 220 de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) por medio de papel impreso ou por vía telemática.*

1. De acordo co disposto no punto 1 do artigo 136 da Lei do imposto sobre sociedades, os modelos 200, 201 e 225 de declaración do imposto sobre sociedades aprobados no artigo 1 desta orde presentaranse no prazo dos vinte e cinco (25) días naturais seguintes aos seis meses posteriores á conclusión do período impositivo.

Os suxeitos pasivos cuxo prazo de declaración se iniciase con anterioridade á entrada en vigor desta orde, conforme o disposto no parágrafo anterior, deberán presentar a declaración dentro dos vinte e cinco (25) días naturais seguintes ao da entrada en vigor desta mesma orde, salvo que optasen por presentar a declaración utilizando os modelos contidos na Orde EHA/1371/2006, do 4 de maio, que aprobou os aplicables aos períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2005; neste caso o prazo de presentación será o sinalado no parágrafo anterior.

2. De acordo co disposto nos artigos 21 e 38 da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, o modelo 200 de declaración do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) e o modelo 201 de declaración do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), aprobados no artigo 1 desta orde, presentaranse no prazo dos vinte e cinco (25) días naturais seguintes aos seis meses posteriores á conclusión do período impositivo.

Non obstante o anterior, cando, de conformidade co establecido no punto 2 do artigo 20 da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, se entenda concluído o período impositivo polo cesamento na actividade dun establecemento permanente ou, doutro modo, se realice a desafectación do investimento no seu día efectuado respecto do establecemento permanente, así como nos supostos en que se produza a transmisión do establecemento permanente a outra persoa física ou entidade, aqueles cuxa casa central traslade a súa residencia, e cando faleza o titular do establecemento permanente, o prazo de presentación será dun mes a partir da data en que se produza calquera dos supostos mencionados neste parágrafo.

Así mesmo, as entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, no caso de cesaren na súa actividade, disporán do prazo dun mes a partir da data en que se produza o cesamento para presentaren a declaración do imposto sobre a renda de non-residentes.

Os contribuíntes a que se refire este punto cuxo prazo de declaración se iniciase con anterioridade á data de entrada en vigor desta orde, deberán presentar a declaración dentro dos vinte e cinco días naturais seguintes ao da devandita data, salvo que optasen por presentar a declaración utilizando os modelos e de acordo co procedemento contidos na Orde EHA/1371/2006, do 4 de maio, anteriormente citada; neste caso o prazo de presentación será o sinalado nos parágrafos anteriores, segundo corresponda.

3. De acordo co disposto no punto 2 do artigo 82 da Lei do imposto sobre sociedades, o modelo 220 de declaración aprobado no artigo 1 desta orde presentárase dentro do prazo correspondente á declaración en réxime de tributación individual da sociedade dominante ou entidade cabeceira de grupo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 17 de maio de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(Os modelos que se aproban nesta orde están dispoñibles, en castelán, no «BOE 125, do 25-5-2007»)

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

10487 *REAL DECRETO 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño. («BOE» 125, do 25-5-2007.)*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño no seu capítulo VI sobre ensinanzas artísticas, e organízalas en ciclos de formación específica cuxa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais das artes plásticas e o deseño.

Esta lei establece para as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño unha semellanza coas ensinanzas de formación profesional en canto ao nivel académico dos estudos, a súa organización en ciclos de grao medio e de grao superior, a estrutura modular das súas ensinanzas e a súa finalidade, que é, en ambos os casos, a incorporación ao mundo profesional. Ademais, a lei consolida aquelas especificidades propias das ensinanzas artísticas que se asentán nunha formación polivalente para favorecer o desenvolvemento das capacidades e destrezas vinculadas ao dominio da linguaxe artístico-plástica, a cultura artística, o coñecemento dos materiais e a tecnoloxía,

a metodoloxía proxectual e a orientación e inserción profesional do alumno, e especializada co fin de garantir o dominio cualificado dos procedementos e técnicas artístico-artesanais propios de cada título. Así mesmo, a lei enmarca as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio na educación secundaria postobrigatoria e as de grao superior na educación superior. Igualmente dispón que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

Este novo marco normativo fai necesario definir a ordenación das actuais ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, establecendo as directrices xerais dos títulos e das correspondentes ensinanzas mínimas e a estrutura común da súa ordenación académica, configuradas desde a perspectiva da capacitación artística, técnica e tecnolóxica, conforme as competencias profesionais propias destes títulos, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social e cultural.

Neste real decreto regúlase o acceso e a admisión a estas ensinanzas profesionais cunha maior flexibilidade, adécuanse os procesos de avaliación e mobilidade do alumnado dos ciclos formativos de artes plásticas e deseño ás actuais exixencias e aséntanse as bases para facilitar os procedementos de recoñecemento de validacións e exencións. Así mesmo, promóvese a formación ao longo da vida introducindo a posibilidade de que as administracións educativas poidan organizar e desenvolver vías formativas para a formación continua e actualización de titulados, así como outros cursos de especialización vinculados con estas ensinanzas artísticas.

Finalmente, este real decreto recolle, no ámbito da formación artística, as previsións contidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de maio de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño: definición, finalidade e obxectivos

Artigo 1. *Definición.*

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño do sistema educativo comprenden o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións relacionadas co ámbito do deseño, as artes aplicadas e os oficios artísticos, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica, así como para a actualización e ampliación das competencias profesionais e persoais ao longo da vida.

Artigo 2. *Finalidade das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.*

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño teñen como finalidade:

- a) Proporcionar a formación artística, técnica e tecnolóxica, adecuada para o exercicio cualificado das competencias profesionais propias de cada título.
- b) Facilitar información verba dos aspectos organizativos, económicos, xurídicos e de seguranza que inciden no exercicio profesional, nas relacións laborais e no ámbito empresarial do sector profesional correspondente.
- c) Capacitar para o acceso ao emprego, xa sexa como profesional autónomo ou asalariado, e fomentar o espírito emprendedor e a formación ao longo da vida.

Artigo 3. *Obxectivos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.*

1. As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño teñen como obxectivo que os alumnos e alumnas sexan capaces de:

- a) Desenvolver a competencia propia de cada título e iniciar a práctica profesional con garantías de calidade, eficacia e solvencia.
- b) Valorar a importancia das artes plásticas como linguaxe creativa universal e como medio de expresión cultural, así como o enriquecemento que para elas supoñen os oficios e procedementos artísticos tradicionais e actuais.
- c) Favorecer a renovación das artes e as industrias culturais a través da reflexión estética e o dominio dos procedementos artísticos de realización.
- d) Desenvolver o potencial emprendedor, de autoaprendizaxe e de adaptación á evolución das concepcións artísticas e dos procesos técnicos, e utilizar as canles de información e formación continuada relacionadas co exercicio da súa profesión e co desempeño de iniciativas persoais e profesionais.
- e) Comprender a organización e características do seu ámbito profesional, os aspectos legislativos que inciden nas relacións laborais do sector profesional correspondente así como os mecanismos básicos e específicos de inserción profesional.
- f) Desenvolver habilidades e destrezas nas áreas prioritarias recollidas dentro das directrices marcadas pola Unión Europea, especialmente aquelas relativas ás tecnoloxías da información e comunicación, os idiomas, o traballo en equipo e a prevención de riscos laborais.

2. Así mesmo, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño fomentarán a igualdade efectiva de oportunidades entre as persoas, con independencia da súa orixe, raza, sexo, discapacidade e demais circunstancias persoais ou sociais, para o acceso á formación e ao exercicio profesional.

CAPÍTULO II

Ordenación das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño: títulos e ciclos formativos

Artigo 4. *Títulos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.*

1. Os títulos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño no sistema educativo son os de técnico e técnico superior de artes plásticas e deseño, de conformidade co disposto no artigo 53 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Os títulos de técnico e técnico superior de artes plásticas e deseño constitúen un documento de carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional, que acredita o nivel de formación, a cualificación e a competencia profesional específica da especialidade artística correspondente.

Artigo 5. Estrutura dos títulos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

As normas que o Goberno dite para establecer os diferentes títulos de artes plásticas e deseño especificarán:

- a) Identificación do título: denominación, nivel, duración e familia profesional artística. Referente europeo.
- b) O perfil profesional, que incluíra a competencia xeral do título, as competencias profesionais que o constitúen e, se é o caso, as cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais que puidesen estar incluídas no título.
- c) O contexto profesional.
- d) As ensinanzas mínimas, que constitúen os elementos básicos do currículo do ciclo formativo, organizadas en módulos formativos, e a súa correspondente carga lectiva.
- e) A relación numérica profesor/alumno.
- f) As competencias docentes dos funcionarios pertencentes aos corpos de profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño para impartir os módulos que constitúen as ensinanzas mínimas, así como as equivalencias para efectos de docencia que, se é caso, procedan.
- g) Validacións e exencións.
- h) Accesos a estudos superiores desde os ciclos formativos de grao superior.

Artigo 6. Ciclos formativos de artes plásticas e deseño.

1. As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño conducentes aos títulos de técnico e de técnico superior de artes plásticas e deseño ordenaranse en ciclos formativos de grao medio e de grao superior, respectivamente, agrupados en familias profesionais artísticas.

2. Os ciclos formativos de grao medio e de grao superior de artes plásticas e deseño estruturaránse en cursos académicos e organizaránse en módulos formativos de duración variable. Os obxectivos, contidos, competencias e criterios de avaliación correspondentes aos distintos módulos formativos estarán vinculados ás finalidades e aos obxectivos establecidos nos artigos 2 e 3.

3. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, co fin de promover a formación ao longo da vida, as administracións educativas poderán organizar e desenvolver vías formativas que faciliten a formación continua e a actualización permanente das competencias profesionais dos titulados en artes plásticas e deseño.

CAPÍTULO III**Ensinanzas mínimas****Artigo 7. Establecemento das ensinanzas mínimas.**

Conforme establece o artigo 6 da Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, o Goberno fixará as ensinanzas mínimas correspondentes ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, e estas incluírán para cada ciclo formativo os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos xerais e as competencias.
- b) Os módulos formativos que desenvolverán a capacitación artística, técnica e tecnolóxica asociada ao perfil profesional.
- c) Os módulos formativos relacionados coa orientación e inserción laboral, así como a fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres.
- d) O módulo de obra final nos ciclos formativos de grao medio.
- e) O módulo de proxecto integrado nos ciclos formativos de grao superior.

f) Os obxectivos de cada módulo e da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, expresados en termos de capacidades, os contidos e os correspondentes criterios de avaliación.

g) A carga lectiva de cada módulo e da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, expresada en horas de duración mínima e a súa equivalencia en créditos, entendendo que dez horas lectivas equivalen a un crédito de formación.

Artigo 8. Módulo de obra final e módulo de proxecto integrado.

1. As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño incorporarán no grao medio un módulo de obra final e, no grao superior, un módulo de proxecto integrado, cuxa superación será necesaria para a obtención do título correspondente.

2. O módulo de obra final nos ciclos formativos de grao medio e o módulo de proxecto integrado nos ciclos formativos de grao superior realizaránse no último curso, avaliaránse unha vez superados os restantes módulos que constitúen o currículo do ciclo formativo, e contarán coa titoría individualizada do profesorado que imparta docencia no ciclo formativo.

3. O módulo de obra final nos ciclos formativos de grao medio ten por obxecto que os alumnos e alumnas sexan capaces de integrar os coñecementos, destrezas e capacidades específicos do campo profesional da especialidade a través da realización dunha obra, adecuada ao nivel académico cursado, que evidencie dominio nos procedementos de realización e sexa expresión da súa sensibilidade artística.

4. O módulo de proxecto integrado nos ciclos formativos de grao superior ten por obxecto que os alumnos e alumnas sexan capaces de integrar, aplicar e valorar os coñecementos, destrezas e capacidades específicos do campo profesional da especialidade a través da formulación e realización dun proxecto, adecuado ao nivel académico cursado, que evidencie rigor técnico, cultura plástica, expresión artística e sensibilidade estética e posibilidade de realización e viabilidade.

Artigo 9. Fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres.

1. Todos os ciclos formativos de artes plásticas e deseño incluírán prácticas formativas en empresas, estudos, talleres ou outras entidades. Esta fase de formación práctica, en situación real de traballo, non terá carácter laboral e formará parte do currículo do ciclo formativo correspondente.

2. A fase de formación práctica facilitará o desenvolvemento daquelas capacidades sociolaborais que requiren ser completadas nun contorno real de traballo, así como aquelas necesarias para complementar as competencias profesionais alcanzadas no centro educativo, co obxecto de contribuír ao logro das finalidades e obxectivos recollidos nos artigos 2 e 3 desta norma.

3. As administracións educativas, de acordo coas disponibilidades organizativas, determinarán o momento da realización e avaliación da fase de formación práctica en función das características propias de cada ciclo formativo.

Artigo 10. Módulo de formación e orientación laboral.

Os ciclos formativos incluírán un módulo específico dirixido a coñecer os aspectos organizativos, económicos e de lexislación básica que inciden no exercicio profesional, nas relacións laborais e no ámbito empresarial do sector profesional correspondente, así como as oportunidades de aprendizaxe, de formación continuada, de

acceso ao emprego e á reinserción laboral. Así mesmo, este módulo fomentará o espírito emprendedor, o desenvolvemento de actividades empresariais e o traballo por conta propia.

Artigo 11. *Prevención de riscos laborais e protección ambiental.*

Os ciclos formativos incorporarán nas súas ensinanzas aqueles contidos que se consideren necesarios para unha eficaz prevención dos riscos laborais derivados do exercicio profesional correspondente, así como aqueles contidos vinculados á protección ambiental e ao tratamento, aproveitamento e eliminación de residuos derivados da actividade profesional correspondente.

Artigo 12. *Accesibilidade universal.*

O Goberno e as administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, incorporarán nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño aqueles obxectivos e contidos que garantan o desenvolvemento do currículo formativo «deseño para todos», en cumprimento do establecido na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidades.

CAPÍTULO IV

Currículo dos ciclos formativos

Artigo 13. *Establecemento do currículo dos ciclos formativos.*

1. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán o currículo correspondente a cada título, de acordo co establecido no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, neste real decreto e nas normas que regulen os títulos respectivos.

2. Os centros que impartan ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño desenvolverán e completarán os currículos establecidos pola Administración educativa correspondente, mediante a posta en práctica do seu proxecto educativo e a implementación de programacións didácticas que tomen en consideración as características do contexto social e cultural, as necesidades do alumnado, con especial atención ás daqueles que presenten unha discapacidade, e as posibilidades formativas do contorno.

3. A metodoloxía didáctica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño integrará os aspectos artísticos, científicos, técnicos, tecnolóxicos e organizativos que en cada caso correspondan, co fin de que o alumnado adquira unha visión global dos procesos e procedementos propios da actividade profesional correspondente.

CAPÍTULO V

Acceso e admisión

Artigo 14. *Requisitos de acceso ás ensinanzas de profesionais de artes plásticas e deseño.*

1. Conforme o artigo 52.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para acceder ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño será necesario estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ou título declarado equivalente.

2. Conforme o artigo 52.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para acceder ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño será necesario estar en posesión do título de bacharelato, ou título declarado equivalente.

3. Así mesmo, para acceder ao grao medio e ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, ademais dos requisitos académicos recollidos nos puntos anteriores, deberase superar unha proba específica que permita demostrar as aptitudes e os coñecementos artísticos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas de que se trate.

4. As administracións educativas regularán as probas mencionadas nos puntos anteriores.

Artigo 15. *Exencións da proba específica de acceso aos graos medio e superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.*

1. Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño a que se fai referencia no punto terceiro do artigo anterior:

a) Os que estean en posesión dun título de técnico ou técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar.

b) Os que superasen os cursos comúns de artes aplicadas e oficios artísticos dos plans de estudos establecidos polo Decreto 2127/1963, do 24 de xullo, os establecidos con carácter experimental ao amparo do Real decreto 799/1984, do 28 de marzo, sobre regulación de experiencias en centros de ensinanzas artísticas, así como polo Real decreto 942/1986, do 9 de maio, polo que se establecen normas xerais para a realización de experimentacións educativas en centros docentes.

2. Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño a que se fai referencia no punto terceiro do artigo anterior:

Os que estean en posesión de calquera título de técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar, ou título declarado equivalente.

3. Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso aos graos medio e superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño os que se encontren en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

a) Título de bacharelato, modalidade de artes, ou de bacharelato artístico experimental.

b) Título superior de artes plásticas e título superior de deseño, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.

c) Título superior de conservación e restauración de bens culturais, nas súas diferentes especialidades.

d) Licenciatura en belas artes.

e) Arquitectura.

f) Enxeñería técnica en deseño industrial.

4. Así mesmo, as administracións educativas regularán a exención da proba específica de acceso aos graos medio e superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, a aqueles que, estando en posesión dos requisitos académicos de acceso conforme o establecido nos artigos 52.1 e 52.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, acrediten ter experiencia laboral de, polo menos, un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo formativo de grao medio ou superior ao cal se quere acceder, e que deberán presentar, polo menos, a seguinte documentación:

Certificación da empresa onde adquirisen a experiencia laboral, na cal conste especificamente a duración do

contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou esta actividade. No caso de traballadores por conta propia, certificación de alta no censo de obrigados tributarios.

Artigo 16. Acceso sen requisitos académicos ao grao medio e superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

1. Conforme o artigo 52.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderán acceder ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, sen estaren en posesión dos requisitos académicos de acceso, os que acrediten, mediante a superación dunha proba de acceso, posuír os coñecementos e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas, ademais das aptitudes necesarias a que se refire o artigo 14.3 deste real decreto, e teñan como mínimo dezasete anos cumpridos no ano de realización da proba.

2. Conforme o artigo 52.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderán acceder ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, sen estaren en posesión dos requisitos académicos de acceso, os que acrediten, mediante a superación dunha proba de acceso, posuír a madurez en relación cos obxectivos de bacharelato, ademais das aptitudes necesarias ás cales se refire o artigo 14.3 deste real decreto, e teñan como mínimo dezanove anos cumpridos no ano de realización da proba, ou dezaioito anos se se acredita estar en posesión dun título de técnico relacionado con aquel ao cal se desexa acceder.

3. As probas de acceso a que fai referencia o artigo 52.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, constarán de dúas partes:

a) A parte xeral que, para o acceso ao grao medio, versará sobre as capacidades básicas da educación secundaria obrigatoria e, para o acceso ao grao superior, versará sobre os coñecementos e capacidades básicas das materias comúns do bacharelato.

b) A parte específica que permitirá valorar as aptitudes e os coñecementos artísticos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

4. As administracións educativas regularán a exención das probas a aqueles que acrediten ter experiencia laboral de, polo menos, un ano relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo formativo de grao medio ou superior ao cal se quere acceder, e que achegarán, polo menos, a documentación que se indica no artigo 15.4 desta norma.

5. Así mesmo, poderán quedar exentos da parte xeral da proba os que superasen a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Artigo 17. Regulación e validez das probas de acceso.

1. A organización, estrutura, contidos e criterios de avaliación das probas de acceso a que se refiren os artigos anteriores serán determinados por cada Administración educativa, facilitando a accesibilidade ao alumnado con discapacidade que o requira.

2. As cualificacións da proba de acceso expresaranse en termos numéricos, utilizando para iso a escala de cero a dez con dous decimais, sendo preciso obter unha cualificación igual ou superior a cinco para a súa superación.

3. As probas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio e de grao superior terán validez en todo o territorio nacional, e a súa superación dará dereito a matricularse conforme a normativa vixente no ciclo formativo correspondente, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas nos diferentes centros.

4. A superación da parte xeral da proba regulada na alínea a) do artigo 16.3 deste real decreto terá validez para posteriores convocatorias.

Artigo 18. Reserva de prazas.

As administracións educativas poderán establecer, no ámbito das súas competencias, unha porcentaxe de prazas de reserva para os que accedan ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño nos supostos recollidos nos artigos 15 e 16 deste real decreto.

CAPÍTULO VI

Avaliación e mobilidade

Artigo 19. Avaliación e promoción nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

1. A avaliación nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño será continua e terá en conta o progreso e a madurez académica dos alumnos en relación cos obxectivos xerais e as competencias profesionais propias do ciclo.

2. A avaliación realizarase de maneira diferenciada por módulos, tomando como referencia os obxectivos de cada módulo expresados en termos de capacidades, destrezas e competencias e os respectivos criterios de avaliación de cada un dos módulos. A aplicación do proceso de avaliación continua do alumnado require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

3. Os resultados da avaliación final de cada módulo expresaranse en termos de cualificacións de acordo cunha escala numérica de cero a dez. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco e negativas as restantes.

4. Na avaliación da fase de formación práctica en empresas, estudos e obradoiros colaborará o responsable da formación do alumnado, designado polo correspondente centro de traballo durante o seu período de estadia neste. Os resultados da avaliación da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres expresaranse en termos de «Apto/Non apto». Para a superación da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres os alumnos disporán dun máximo de dúas convocatorias.

5. O número máximo de convocatorias para a superación de cada módulo será catro. Con carácter excepcional, as administracións educativas poderán establecer unha convocatoria extraordinaria por motivos de enfermidade, discapacidade ou outros, que impidan o normal desenvolvemento dos estudos.

6. As administracións educativas establecerán as condicións para a anulación de matrícula así como para a renuncia á convocatoria de todos ou dalgún dos módulos que compoñen o ciclo formativo, e/ou da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres. A renuncia á convocatoria reflectirase nos documentos de avaliación coa expresión «Renuncia».

7. As administracións educativas poderán establecer requisitos para a promoción do curso. En todo caso, será necesario que os alumnos obtivesen avaliación positiva en módulos cuxa carga lectiva sume, polo menos, o 75 por 100 do primeiro curso.

8. A superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva de todos os módulos que o compoñen así como a cualificación de «Apto» na fase de prácticas en empresas, estudos e/ou talleres.

9. A nota media final do ciclo formativo obterase unha vez superados os módulos impartidos no centro educativo e a fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres, e consistirá na media aritmética das notas medias ponderadas dos distintos módulos que o

compoñen, expresada con dous decimais. A nota media ponderada obterase multiplicando o número de créditos que corresponde a un módulo pola cualificación final obtida neste, e dividindo o resultado entre o número total de créditos cursados.

10. Para os efectos do cálculo da nota media final non será computada a fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, xa que a súa cualificación se formula en termos de «Apto/Non apto», nin aqueles módulos que fosen obxecto de validación e/ou exención pola súa correspondencia coa práctica laboral.

Artigo 20. *Documentos básicos de avaliación e mobilidade das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.*

1. Os documentos básicos de avaliación das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño son: o expediente académico persoal, que se acredita coa certificación académica persoal, as actas de avaliación e os informes de avaliación individualizados.

2. Toda a información relativa ao proceso de avaliación se recollerá, de maneira sintética, no expediente académico do alumno. Neste expediente figurarán, xunto cos datos de identificación do centro e os datos persoais do alumno, a modalidade de acceso ao ciclo, o número e a data de matrícula, os resultados da avaliación e, se é o caso, as medidas de adaptación curricular e a nota media final.

3. Os documentos básicos de avaliación citarán en lugar preferente a norma da Administración educativa que desenvolve o currículo correspondente.

4. Co fin de garantir a mobilidade académica e territorial das alumnas e alumnos, terán a consideración de documentos básicos de mobilidade: a certificación académica persoal, obtida do expediente académico, e o informe de avaliación individualizado.

5. A certificación académica persoal ten valor acreditativo dos estudos realizados polo alumnado e constitúe o documento oficial básico que recolle a referencia normativa do plan de estudos, o curso académico, as cualificacións obtidas con expresión da convocatoria (ordinaria ou extraordinaria), os módulos que fosen obxecto de validación e/ou correspondencia coa práctica laboral e, se é o caso, as anulacións de matrícula e/ou renuncia a convocatorias.

6. Cando o alumno se traslade de centro, consignarase nun informe de avaliación individualizado toda aquela información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe.

Artigo 21. *Procedemento para a mobilidade.*

1. Cando un alumno solicite o traslado de expediente académico co fin de continuar os estudos iniciados nun centro pertencente a outra Administración educativa, a Administración educativa receptora, unha vez aceptado este, procederá á correspondente adaptación co fin de que o alumno se incorpore ao curso que lle corresponda. Para tal efecto, aqueles módulos aprobados na súa totalidade que, segundo o criterio da dita Administración educativa, sexan similares en contidos e carga lectiva aos establecidos no seu plan de estudos, serán recoñecidos de forma automática como adaptados, podendo prever para outros casos a superación de complementos de formación que se consideren convenientes.

2. Os módulos adaptados figurarán no expediente académico persoal coa denominación de «Adaptado». Cando sexa necesario facer unha ponderación das cualificacións, os módulos que figuren como adaptados computarase coa cualificación obtida no centro de orixe.

CAPÍTULO VII

Efectos dos títulos

Artigo 22. *Efectos dos títulos.*

1. Os títulos de técnico e técnico superior de artes plásticas e deseño teñen carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional. Acreditan o nivel de formación, as competencias profesionais que conteñen e producen os efectos establecidos na lexislación vixente, sen que isto constitúa regulación do exercicio profesional.

2. A superación dun ciclo formativo de grao medio dará dereito á obtención do título de técnico de artes plásticas e deseño que corresponda e a superación dun ciclo formativo de grao superior dará dereito á obtención do título de técnico superior de artes plásticas e deseño correspondente.

3. O título de técnico de artes plásticas e deseño permitirá o acceso ao bacharelato.

4. O título de técnico superior de artes plásticas e deseño dará dereito ao acceso directo aos estudos superiores de deseño, aos estudos superiores de artes plásticas e ás ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais.

5. O título de técnico superior de artes plásticas e deseño dará dereito ao acceso directo aos estudos universitarios que se determinen, de acordo coa normativa vixente sobre os procedementos de ingreso na universidade e tendo en conta a súa relación coas ensinanzas correspondentes.

6. O rexistro e a expedición dos títulos de técnico e técnico superior de artes plásticas e deseño realizarase de acordo coa normativa estatal básica sobre expedición de títulos académicos e profesionais.

CAPÍTULO VIII

Validacións e exencións

Artigo 23. *Validación de módulos formativos.*

1. Serán obxecto de validación os módulos formativos comúns a varios ciclos formativos de artes plásticas e deseño, sempre que teñan igual denominación, duración, obxectivos, contidos e criterios de avaliación, de acordo co establecido pola norma que regule cada título.

2. O Ministerio de Educación e Ciencia, logo de consulta ás administracións educativas, poderá regular as validacións entre módulos formativos con distinta denominación pero con similitude de contidos, obxectivos, criterios de avaliación e carga lectiva.

3. As validacións non recollidas nos puntos anteriores deberán ser solicitadas ao Ministerio de Educación e Ciencia de acordo co procedemento establecido na normativa vixente, para a resolución que proceda.

4. Os módulos que sexan obxecto de validación figurarán no expediente académico do alumno coa expresión de «Validado».

Artigo 24. *Exención de módulos formativos e da fase de formación práctica pola súa correspondencia coa experiencia laboral.*

1. Poderase determinar a exención de módulos formativos e da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, pola súa correspondencia coa práctica laboral, sempre que se acredite, polo menos, un ano de experiencia relacionada cos coñecementos, capacidades e destrezas, e, se é o caso, unidades de competencia, propias dos módulos e/ou do exercicio profesional específico

do ciclo formativo correspondente, de acordo co establecido na norma que regule cada título.

2. A experiencia laboral a que se refire o punto anterior acreditarase mediante a documentación que se indica no artigo 15.4.

3. Os módulos formativos e a fase de formación práctica que sexan obxecto de exención pola súa correspondencia coa práctica laboral figurarán no expediente académico do alumno coa expresión de «Exento».

Artigo 25. *Validacións de módulos formativos de ciclos formativos de grao medio con materias de bacharelato.*

As validacións de módulos formativos pertencentes aos ciclos formativos de grao medio con materias de bacharelato estableceranse na norma que regule cada título.

Artigo 26. *Validacións entre as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño e as ensinanzas de formación profesional e outras ensinanzas de réxime especial.*

O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, poderá establecer mediante norma as validacións entre ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño e as ensinanzas de formación profesional e outras ensinanzas de réxime especial.

Artigo 27. *Validacións entre módulos formativos de grao superior e ensinanzas superiores non universitarias.*

O Goberno, oído o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, regulará as validacións que se puidesen establecer entre as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas artísticas superiores de deseño, de artes plásticas e de conservación e restauración de bens culturais.

Artigo 28. *Validacións entre módulos formativos de grao superior e ensinanzas universitarias.*

O Goberno, oídos o Consello de Coordinación Universitaria e o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, regulará as validacións que se puidesen establecer entre as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas universitarias.

Disposición adicional primeira. *Medidas en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.*

As administracións educativas establecerán as medidas oportunas que garantan o cumprimento do establecido na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidades, co fin de facilitarlle ao alumnado os medios e recursos que se precisen para acceder e cursar as ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño.

Disposición adicional segunda. *Acreditación de condicións de acceso do alumnado a determinadas ensinanzas artísticas profesionais.*

Para aquelas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño que se determinen, conducentes a titulacións que no seu exercicio profesional requiran determinados coñecementos e capacidades propios do ámbito artístico da música, as administracións educativas poderán requirir a presentación da documentación xustificativa necesaria, cando así se indique na norma pola que se establecen os ditos títulos.

Disposición adicional terceira. *Cursos de especialización.*

Co fin de promover a formación ao longo da vida, as administracións educativas poderán organizar e desenvolver cursos de especialización vinculados ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, que poderán ser obxecto dunha certificación acreditativa da formación adquirida na cal se indique a superación do curso e o número de horas de duración así como a súa equivalencia en créditos. Esta certificación poderá ter, se é o caso, valor no Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Disposición adicional cuarta. *Outras titulacións equivalentes para efectos de acceso.*

Sen prexuízo dos requisitos establecidos no artigo 52 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e para os efectos do establecido no artigo 14 deste real decreto, poderase acceder ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño coas seguintes titulacións:

1. Para os ciclos formativos de grao medio:

a) Estar en posesión do título de técnico de artes plásticas e deseño.

b) Ter superado o terceiro curso de ensinanzas comúns do plan de estudos de 1963 ou o segundo curso do plan experimental das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos.

c) Estar en posesión do título de técnico auxiliar ou de técnico das ensinanzas de formación profesional.

d) Ter superado outros estudos declarados equivalentes para efectos académicos con algún dos anteriores.

2. Para os ciclos formativos de grao superior:

a) Estar en posesión do título de técnico superior de artes plásticas e deseño.

b) Estar en posesión do título de graduado en artes aplicadas e oficios artísticos correspondente ao plan de estudos de 1963 ou do plan experimental.

c) Estar en posesión do título de técnico especialista ou de técnico superior das ensinanzas de formación profesional.

d) Ter superado outros estudos declarados equivalentes para efectos académicos con algún dos anteriores.

e) Estar en posesión dunha titulación universitaria ou equivalente.

Disposición adicional quinta. *Revisión e actualización dos títulos.*

Periodicamente o Goberno procederá á revisión e, se é o caso, actualización dos títulos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, logo de consulta ás comunidades autónomas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 16 de febreiro de 1996, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación do alumnado que curse os ciclos formativos de artes plásticas e deseño regulados pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos.

Igualmente, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Equivalencia entre os actuais títulos de técnico e técnico superior de artes plásticas e deseño e as novas titulacións.*

O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, determinará as equivalencias entre os diferentes títulos de técnico e técnico superior de artes plásticas e deseño vixentes e os que se establezan ao abeiro de Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de norma básica e é de aplicación en todo o territorio nacional e dítase en virtude das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo

149.1.1.^a e 30.^a da Constitución e ao abeiro da disposición derradeira sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO